



## **CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

### **ORDENANZA DA TAXA E REGULAMENTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

De conformidade co establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, e na Orde do 22 de xaneiro de 2009, así como vista a Disposición Transitoria Segunda da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, que modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, segundo a cal as competencias que en materia de servizos sociais viñan encomendadas aos concellos pola anterior redacción do artigo 25.2.k) da resinada Lei 7/1985 poderán seguirse prestando ata o 31 de decembro de 2015 como prazo máximo a partires do cal as Comunidades autónomas haberán de asumir a cobertura inmediata da dita prestación, establecécese a necesidade por parte deste Concello de Avión de regular mediante normativa municipal axeitada o servizo de axuda no fogar.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolle aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlle un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, establecécese un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedimentais e organizativos do servizo de axuda no fogar, de forma que, coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se establecen pautas de carácter xeral que aseguren un nivel equitativo de atención a todas as persoas en situación de dependencia.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais, da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

A publicación a día 24 de setembro de 2013 do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención á dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, é preciso adaptar a normativa municipal en materia de financiamento de SAF a través do SAAD, así como actualizar a carteira de servizos para a atención de persoas en situación de dependencia.



## **CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello Avión, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal, a través da presente ordenanza.

Este regulamento ten por obxecto:

**Primeiro:** A regulación do SAF, establecendo normas e criterios, que respondendo a principios equitativos de xustiza social, rexerán as modalidades de prestación, así como as súas características, relacións entre o Concello de Avión e usuarios, situacións, dereitos e obrigas respectivas.

**Segundo:** O establecemento do importe do copago pola utilización do SAF, de conformidade co previsto no artigo 59 e seguintes do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, e 117, en relación co artigo 41.b) da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

Correspóndelle ao Concello de Avión a prestación directa do servizo ou subcontratación deste cunha empresa especializada e autorizada pola Xunta de Galicia, organización, xestión e dirección técnica, a recollida e tratamento da información derivada da intervención para a toma de decisións, tanto na súa relación coas variacións na organización do servizo como a planificación e a programación, perfeccionamento e apoio ás profesionais que prestan o servizo e a captación e formación do persoal.

### **CAPITULO I**

#### **Disposiciones Xerais**

##### **Artigo 1º.- Definición**

O SAF defínese como unha prestación básica do sistema público de servizos sociais que presta un conxunto de atencións, dende unha perspectiva integral e normalizadora a nivel preventivo, educativo, asistencial e rehabilitador, a individuos ou familias no seu fogar cando se atopen incapacitados, temporal ou permanentemente, para realizar as tarefas da vida cotiá, manténdoos no seu fogar e integrados no seu medio natural, mellorando a súa calidade de vida.

O servizo terá carácter complementario e transitorio, non eximindo ás familias das súas responsabilidades. A súa planificación, coordinación e control correspóndelle aos Servizos Sociais do Concello de Avión. No caso de usuarios que teñan recoñecido o grao e nivel de dependencia, este servizo terá carácter definitivo.

##### **Artigo 2º.- Obxectivos**

O obxectivo xeral do servizo é prestar unha serie de atencións e coidados aos cidadáns no seu domicilio, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal, ou en situación de desintegración familiar, para proporcionárllela posibilidade de continuar no seu medio natural mentres sexa posible e conveniente.

Os obxectivos específicos son os seguintes:

- Previr situacións de crise, persoal ou familiar, prestando unha serie de atencións de carácter persoal, a aquellas persoas que se atopen nunha situación de especial necesidade.
- Favorecer a permanencia das persoas no seu medio habitual, sen que diminúa a calidade desta, por problemas de saúde, incapacidade, etc.
- Evitar os internamentos non desexados ou innecesarios.
- Integrar ás persoas ou familias na vida comunitaria estimulando e motivando o desenvolvemento pleno dos seus intereses e capacidades e evitando o desarraigado, o illamento e a marxinación.



## **CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

- Axudar á familia a asumir as súas responsabilidades respecto da atención aos seus membros, así como fomentar actitudes que favorezan a reestruturación familiar.
- Reforzar os vínculos existentes ou fomentar novos vínculos do usuario coa familia, veciños e contorno.
- Evitar o illamento e abandono persoal do usuario.
- Apoiar ás familias e menores naqueles casos nos que a atención sexa deficitaria ou problemática.
- Implicar aos propios destinatarios do servizo na resolución da súa problemática persoal ou familiar.
- Proporcionar períodos de descanso ao coidador. Respiro familiar.
- Ofrecer coidados e intervencións de carácter socio-educativo a unidades familiares con menores a cargo e outras situacións obxecto de intervención social.
- Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.
- Apoiar e complementar a labor da familia en situación de sobrecarga derivadas da atención de persoas dependentes ou de crise familiar.

### **Artigo 3º.- Prestación**

O SAF terá por obxecto os seguintes conceptos:

1. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
  - Apoyo para a mobilidade dentro do fogar, así como cambios posturais e orientacións espazo-temporais.
  - Axuda para o aseo e hixiene persoal.
  - Axuda para comer.
  - Supervisión, cando proceda, das tomas de medicación simple prescrita polo médico.
2. Acompañamento persoal na realización de outras actividades da vida diaria:
  - Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
  - Apoyo en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.
3. Atencións de carácter doméstico e da vivenda:
  - Alimentación (compra e preparación de alimentos no fogar).
  - Roupa (comprenderá lavar, pasar o ferro, etc...).
  - Coidados básicos na vivenda.
  - Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
  - Apoyo á unidade familiar.
  - Coidados e mantemento básico da vivenda.
4. Atencións de carácter psicosocial e educativas: refírese ás intervencións de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais de afectividade, da convivencia, e da estrutura familiar, da organización da economía doméstica e da integración na comunidade onde se desenvolva a vida do usuario. Este tipo de atencións concretaranse en:
  - Cambios de hábitos, de orde e limpeza, administración da economía doméstica, organización doméstica, motivación á participación en actividades sociais, apoio e orientación nos cambios da dinámica familiar, axuda para a relación co entorno, etc.
5. Atencións de carácter técnico e complementario: refírese ás xestións ou actuacións que poidan ser necesarias, ben para a posta en funcionamento do servizo, ben para que continúen en condicións axeitadas ou para permitir, co apoio das novas tecnoloxías, unha atención inmediata en situacións de crise ou emergencias, tales como:
  - Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.



## **CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

- Respiro familiar, segundo o establecido pola lexislación vixente.
- Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguemento, teleasistencia e similares.
- Prestacións que favorezan a conciliación da vida familiar e laboral.
- Adaptacións funcionais do fogar.
- Servizo de podoloxía.
- Servizo de fisioterapia.

Todas elas terán un carácter excepcional e complementario das propias capacidades do usuario ou de outras persoas do seu entorno inmediato. Para a realización destas actuacións os usuarios deberán dispor ou proverse dos medios necesarios. No seu defecto os Servizos Sociais do Concello de Avión poderán xestionar os recursos axeitados para que as ditas atencións poidan ser realizadas convenientemente.

6. Todas as demais funcións que dentro da filosofía do servizo estimen como necesarias os Servizos Sociais do Concello de Avión.

### **CAPITULO II**

#### **Dos beneficiarios do servizo. Modalidades de acceso**

##### **Artigo 4º.- Beneficiarios**

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención.
2. Darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia. Non obstante, os usuarios interesados en obter o acceso á prestación do servizo por libre concorrencia quedarán condicionados polo número de auxiliares encargados da súa prestación que se poidan contratar cada ano en función dos recursos económicos con que conte o Concello de Avión para ese exercicio, en caso de subcontratación quedará suxeito ao orzamento aprobado para este concepto no exercicio económico correspondente.

Poderán ser potenciais usuarios ou destinatarios do servizo de axuda no fogar os seguintes colectivos:

- Anciáns, que necesiten a axuda de terceiras persoas para o desenvolvemento das necesidades básicas, que non teñan ningún familiar que lles poida prestar esta axuda, e que con este servizo poidan continuar vivindo no seu fogar.
- Persoas con minusvalía, incapacitadas, afectadas por unha lesión, enfermidade física ou mental ou por outros motivos, que precisen axuda e que con este servizo se poida favorecer a súa autonomía ou mellorar a súa calidade de vida.
- Persoas, en xeral, que pola súa situación de enfermidade teñan dificultade para desenvolverse por sí mesmos.
- Familias que atravesen situacións de crise que poidan necesitar apoio na realización das súas actividades habituais.
- Colectivos específicos que presenten situacións de risco ou exclusión social.
- Persoas con dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia (este colectivo terá prioridade na percepción do servizo sobre todos os demais).

##### **Artigo 5º.- Modalidades de acceso**

1. O acceso ao servizo será prioritario e directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución do Programa Individual de Atención, consonte co establecido no Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento



## **CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P. 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. Para estes efectos, os concellos titulares do servizo, cando sexa o caso, procederán a dar de alta ás persoas en agarda de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. Para estes efectos garantírselles aos servizos sociais comunitarios municipais acceso en tempo real ao dito programa.

2. As persoas para as que o programa individual de atención determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador/a.
3. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non lles asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación do sistema que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, previa prescripción técnica favorable dos Servizos Sociais Comunitarios, resolverase en réxime de libre concorrencia de acordo cos criterios establecidos nesta ordenanza municipal.
4. De igual maneira ao expresado no apartado anterior procederase nas situacións nas que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socio-educativos.
5. Nos supostos recollidos nos apartados 3 e 4 deste Artigo empregarase un baremo no que, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e sociofamiliar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida.

### **Artigo 6º.- Requisitos**

Para ter dereito ao servizo de asistencia no fogar será imprescindible cumplir os seguintes requisitos:

- Ter residencia efectiva no Concello de Avión e para as persoas usuarias de libre concorrencia, estar empadroado no Concello.
- Non percibir axuda de outra institución ou entidade para a mesma finalidade.
- Non presentar un estado de deterioro físico ou psíquico tal que precise de outro tipo de atención especializada ou internamento nun centro ou institución axeitado.
- No caso daqueles usuarios por libre concorrencia que, cumprindo os requisitos esixidos nos apartados anteriores, teñan familiares que se poidan encargar deles pero se neguen a facelo, a valoración dos Servizos Sociais do Concello de Avión será decisiva na súa concesión ou denegación, sen entrar a valorar as restantes condicións que deba cumplir o solicitante.

### **CAPITULO III**

#### **Do procedemento para a prestación do servizo**

### **Artigo 7º.- Solicitudes e documentación para achegar**

O SAF será prestado polo Concello de Avión, ben de oficio ou a instancia de parte:

1. **De oficio:** o Concello de Avión iniciará de oficio o expediente de prestación do servizo nos casos de necesidade urgente do servizo, e sempre previa valoración positiva dos seus Servizos Sociais, e en función da disponibilidade.
2. **A instancia de parte:** as solicitudes de prestación de axuda no fogar deberanse formular únicamente nos modelos dispostos a tal fin, dirixidos á Alcaldía, e presentaranse no Rexistro Municipal dos Servizos Sociais do Concello de Avión; a tal fin empregarase a solicitude normalizada que se poderá recoller nas dependencias dos



## **CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

Servizos Sociais do Concello de Avión e á que, debidamente cuberta, se lle achegará a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI/NIF ou tarxeta de residencia do solicitante ou permiso de residencia e DNI/NIF ou pasaporte do seu país en vigor. E, de ser o caso, do resto de compoñentes da unidade familiar. Estes documentos deben estar en vigor na data da presentación ou ben acompañar fotocopia do resgado de renovación destes. Presentaranse obligatoriamente os orixinais para a súa compulsa.
- Fotocopia do libro de familia (se é precisa).
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do beneficiario.
- Certificado de empadroamento e informe de convivencia.
- Informes médicos do beneficiario e familiares que precisen xustificar as súas limitacións.
- Certificado de discapacidade, e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso.
- Xustificantes de ingresos da unidade familiar.
- Fotocopia da declaración da renda ou certificado negativo da AEAT, así como declaración responsable de ingresos.
- Certificados de pensión.
- Xustificantes de rendas de traballo (nóminas, certificados de empresa, etc...).
- Certificados do INEM ou servizo de colocación das prestacións que poidan percibir.
- Tarxeta de demanda de emprego.
- Certificación das entidades financeiras de xuros bancarios.
- Declaración responsable sobre a percepción de alugamentos ou outros ingresos complementarios.
- Recibos de pagamento do alugamento ou outros gastos fixos (hipotecas, etc...).
- Calquera outra documentación que os Servizos Sociais do Concello de Avión poidan estimar como necesario para a valoración do dereito, en cada caso en concreto.

### **Artigo 8º.- Procedemento**

1. No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.
2. No acceso en libre concorrenza será de aplicación o seguinte: as solicitudes formalizaranse segundo o disposto no Artigo anterior.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto todo o ano.

Unha vez formalizada a solicitude e presentada a documentación pertinente os Servizos Sociais do Concello de Avión procederán á comprobación dos datos proporcionados e á avaliación das solicitudes (segundo os baremos establecidos nesta ordenanza) e emitirase un informe ca proposta de resolución, que se enviará á Alcaldía para que dite a resolución correspondente: ben para desestimar a solicitude ou ben para conceder a prestación do servizo para o exercicio en curso ou período inferior que se solicitara. A dita resolución deberá ser notificada ao interesado.

A prestación do servizo queda condicionada á aceptación por parte do beneficiario das disposicións deste Regulamento.

3. Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse entre os Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Avión e a persoa usuaria as condicións básicas da prestación.
4. No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, previo informe favorable dos Servizos Sociais, e mediante resolución motivada da Alcaldía, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente. A desaparición desta situación



## **CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

excepcional de risco levará a extinción do carácter urgente do caso e pasará ao proceso ordinario de resolución.

5. Na prestación do servizo, ademais do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos Servizos Sociais.
6. No caso de tratarse de intervencións de carácter socioeducativo derivadas dun diagnóstico de desestruturación familiar, será esixible que na intervención no fogar actúe persoal técnico en posesión, como mínimo, dalgunha das seguintes cualificacións: Técnico Superior en Integración Social, Diplomado en Educación Social ou Diplomado en Traballo Social, etc.
7. Se un solicitante superase un ano na lista de espera, antes de proceder á súa alta como usuario do SAF, será preceptiva unha nova avaliación da situación.
8. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar un acordo-contrato, a modo de compromiso de respecto ás normas do servizo, as tarefas para desenvolver, horarios, días e contribución económica correspondente ou gratuidade se procede. O incumplimento deste acordo-contrato poderá ser causa de baixa do servizo.
9. Unha vez recoñecido o dereito á prestación e asinado o pertinente acordo-contrato, o prazo máximo para o inicio da prestación será de 5 días hábiles; no caso das altas con carácter urgente, o prazo será de 24 ou 48 horas.
10. Para a renovación anual do SAF, o beneficiario deberá presentar actualizada a documentación esixida por esta ordenanza dentro do primeiro mes do ano.

### **Artigo 9º.- Intensidade na prestación do servizo**

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención.
2. A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención para a realización das actividades da vida diaria, ademais dos días laborais, as fins de semana e festivos, tales como:
  - Asistencia para levantarse e deitarse.
  - Apoyo no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
  - Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
  - Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
  - Apoyo para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal.
  - Apoyo a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
3. Nos restantes casos a intensidade do servizo virá determinada na prescripción efectuada polos correspondentes Servizos Sociais Comunitarios.
4. O tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

## **CAPITULO IV**

### **Organización**

### **Artigo 10º.- Persoal**

Na prestación deste servizo intervirán:

- Técnicos dos Servizos Sociais do Concello de Avión.
- Se o servizo está externalizado, persoal da empresa contratada para tal efecto, que leve a cabo a prestación.
- Outros profesionais ou persoal voluntario.

Encoméndanselles as seguintes funcións e tarefas aos distintos grupos de profesionais:



## **CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

1) Os técnicos dos Servizos Sociais do Concello de Avión: desempeñarán unha labor de carácter técnico (diagnóstico, seguimento, avaliación) en coordinación cos profesionais do equipo ou en colaboración cos outros servizos ou programas que pertenzan a estes Servizos Sociais ou a outros de protección social. Son os profesionais encargados de recibir a demanda ou detectar a necesidade. Farán o estudo de valoración da situación presentada, deseñarán o proxecto de intervención axeitado a esta e serán os responsables do seguimento e avaliación do proxecto.

2) Auxiliares de axuda no fogar: son os profesionais que se encargarán da execución do servizo ou prestación. Realizarán tarefas de carácter asistencial e educativo en contacto periódico e directo cos usuarios do servizo, a súa familia e o seu entorno. No caso de atender ás persoas afectadas por déficits de autonomía, estarán en posesión da cualificación profesional específica para o exercicio das súas funcións, conforme co establecido no Real Decreto 295/2004, do 20 de febreiro, polo que se regula a cualificación profesional de atención sociosanitaria a persoas no domicilio, ou ben o certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, establecido no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade. As funcións concretas serán:

- Asistenciais: atencións de carácter persoal e doméstico.
- Orientacións en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.
- Educativas: potenciando o protagonismo do usuario, e non substituíndo naquelas tarefas que poida realizar por si mesmo e facilitándolle as canles de comunicación co seu entorno.
- Colaborar co persoal técnico na coordinación e avaliación do servizo.

As tarefas serán as necesarias para levar a cabo as funcións anteriormente enumeradas, establecidas e supervisadas en cada caso polo profesional ou equipo responsable do servizo.

Este persoal será formado previa e específicamente para o desenvolvemento das súas funcións e tarefas, establecendo un sistema de reunións periódicas de avaliación e formación nas que se lles vaian dando resposta a problemas concretos que presente o servizo.

3) Outros profesionais: coordinados polos Técnicos dos Servizos Sociais, tales como Educador Social, Psicólogo, etc...

Nas funcións que, en rigor, corresponden ao campo sanitario, tales como curas persoais, inxeccións, etc... e todas aquellas referentes á saúde será preciso unha estreita colaboración coordinando ao SAF cos servizos sanitarios correspondentes.

4) Voluntarios: son aquellas persoas que actúan de forma solidaria, sen expectativas de remuneración, complementando, de forma coordinada, as funcións e tarefas do persoal profesional anteriormente mencionado e sempre dentro do correspondente programa de intervención.

Dado o seu carácter de relación interpersoal, da diversidade, da flexibilidade de horarios e dispoñibilidade de tempo libre, as tarefas que poderán desempeñar os voluntarios serán as de compañía, fomento de relacóns e comunicación, ocupación de tempo libre, tanto dentro como fora do fogar, e outras que contribúan ao fomento da autoestima.

Cómpre unha actuación organizada do voluntariado, a traveso dun programa de traballo continuo e estable, cuns obxectivos claros e previamente establecidos en concordancia ca dos profesionais, así como a conveniente formación para o desempeño das tarefas.



## **CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P. 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

### **Artigo 11º.- Funcionamento**

A prestación do SAF será supervisada polos Técnicos dos Servizos Sociais do Concello de Avión que será realizada cunha periodicidade mínima de dous meses, facendo un seguimento individual de cada caso. Aos ditos técnicos corresponderán a coordinación e supervisión das auxiliares de axuda no fogar establecendo reunións de traballo nas que se revisará a evolución dos casos e as pautas para seguir polos traballadores ca finalidade de mellorar a calidade do servizo.

No caso dos usuarios recoñecidos como dependentes, o servizo prestarase ao longo de todo o ano, segundo o seu plan individual de atención.

No caso dos usuarios que accedan ao servizo a través de libre concorrencia, teranse en conta as seguintes especificacións:

- 1) O servizo prestarase de luns a venres, en horario diúrno.
- 2) O tempo de atención individual asignarase segundo criterio profesional do técnico do servizo, podendo ser modificado en función das variacións que se produzcan nas circunstancias persoais ou familiares e na dispoñibilidade de medios do servizo.
- 3) No caso de que o servizo non conte con persoal suficiente para atender tódalas demandas susceptibles de recibilo, elaborarase unha lista de espera na que cada solicitude ocupará un lugar determinado pola puntuación obtida na valoración, segundo o baremo previsto na presente ordenanza. No suposto de solicitudes con igual puntuación valorarase a data de presentación desta.
- 4) Incorporaranse á lista de espera as vacantes temporais que se produzcan nos casos de suspensión provisional do servizo a algún usuario, para a súa concesión provisional, polo tempo que dure a suspensión trala aceptación do posible beneficiario.
- 5) Cando por calquera circunstancia fose necesario realizar un cambio de horario na prestación do servizo ou unha substitución temporal do auxiliar de axuda no fogar, poderase efectuar así (haberá que consensuar os cambios coa persoa usuaria e a súa familia), seguindo en vigor o contrato asinado.
- 6) Se algún usuario rexeita ao auxiliar de axuda no fogar que se lle asigne sen causa suficientemente xustificada, que será valorada polo Técnico dos Servizos Sociais do Concello de Avión, pasará á lista de espera ata que outra auxiliar o poida atender.

## **CAPITULO V**

### **Dos dereitos e deberes**

### **Artigo 12º.- Dereitos dos usuarios do SAF**

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lles recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

- A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
- A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
- A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
- A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
- A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
- A coñeceran a organización e o regulamento do servizo.
- Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.



## **CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

- A coñeceran a situación do seu expediente.
- A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
- Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
- Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.
- A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.

### **Artigo 13º.- Deberes dos usuarios do SAF**

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 7 da lei 13/2008, de 13 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, terán os seguintes deberes:

- Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
- Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
- Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
- Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
- Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
- Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección.
- Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
- A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

### **Artigo 14º.- Deberes xerais do persoal do servizo**

- O trato será sempre de respecto, evitando que a confianza co usuario e a súa familia interfira no traballo.
- Respectará a intimidade do usuario e gardará a debida confidencialidade.
- O auxiliar non debe facer partícipes aos usuarios e á familia deste dos seus propios problemas, separando todo o posible a súa vida privada do seu traballo.
- Non poderá acudir ao lugar de traballo acompañado de persoas alleas ao servizo.
- Non podrá recibir en custodia cartos, xoias nin outros obxectos.
- Non se permite recibir ningún tipo de prestación/bonificación por parte do usuario ao auxiliar de axuda no fogar (cartos, regalos, etc...).
- Non se disporá das chaves de ningún domicilio, salvo autorización por escrito do usuario.



## **CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

- En caso de ausencia ao traballo deberá comunicalo coa maior antelación posible, trala autorización do xefe de persoal, ao usuario e ao xefe do servizo.

### **CAPITULO VI**

#### **Modificación da concesión ou suspensión provisional e extinción do servizo**

##### **Artigo 15º.- Causas de modificación e extinción do servizo**

A alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente.

Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:

- A renuncia do beneficiario.
- O cambio de programa individual de atención ou de proxecto de intervención que implique o cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- Traslado definitivo da súa residencia a outro Concello.
- Falecemento da persoa usuaria.
- Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- A falta de pagamento do servizo.
- Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
- A falsificación dos datos ou documentación. No caso de tratarse de datos económicos, haberá que estar á normativa de aplicación á materia: Lei 13/2008, de Servizos Sociais de Galicia e Decreto 99/2012, do 16 de marzo.
- Por reorganización do servizo en función das dispoñibilidades económicas, para o SAF de libre concorrencia.

Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución do Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

##### **Artigo 16º.- Causas de suspensión temporal do servizo**

Son causas de suspensión temporal do servizo, previo informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

- Ausencia temporal do domicilio. Neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de dous meses para usuarios/as do SAF a través do Sistema de Dependencia, e de un prazo máximo de tres meses para usuarios/as do SAF a través do Sistema de Libre Concorrencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
- Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo. Poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na normativa reguladora.
- As ausencias mensuais por causas imputables á persoa usuaria, persoas beneficiarias do SAF dependencia, que sexan superiores a 10 días, salvo vacacións e ingreso en resi-



## **CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

dencia por período inferior a 45 días, suporá un 40% do importe correspondente á participación no seu financiamento en concepto de reserva de praza.

### **Artigo 17º.- Causas de denegación**

A denegación da solicitude procederá por algunha das seguintes causas:

- Non cumplir os requisitos esixidos.
- Poder satisfacer axeitadamente as súas necesidades por si mesmo/a e/ou co apoio dos seus familiares. Non acadar, por tanto, a puntuación mínima esixida.
- Non ser a necesidade alegada obxecto de cobertura polo SAF.
- Non aceptar as condicións do servizo municipal en canto á prestación e achega económica.
- Persistir as circunstancias que motivaron a extinción do servizo a través dun expediente sancionador.
- Persistir as circunstancias que motivaron a denegación do servizo con anterioridade.
- Calquera outra causa debidamente motivada.

## **CAPITULO VII**

### **Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo**

#### **Artigo 18º.- Determinación da capacidade económica dos usuarios do servizo**

##### **DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PESSOAS DEPENDENTES VALORADAS CON DEREITO DE ATENCIÓN RECOÑECIDO, USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

1. A capacidade económica das persoas dependentes valoradas que teñan recoñecido un dereito de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo. Para o cálculo da citada capacidade económica observaranse os criterios e regras dispostos na normativa estatal e autonómica vixente.
2. O resultado do cálculo da capacidade económica correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar constará na resolución do plan individualizado de atención que se resolva en cada caso de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

##### **DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PESSOAS USUARIAS DOUTROS SERVIZOS EN QUE SE APLIQUE COPAGAMENTO**

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o Concello regulará o cómputo da capacidade económica de acordo cos seguintes criterios (Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, art. 60):

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda á suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.



## **CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P. 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

2. Computarase así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e de outros bens e dereitos.
3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

### **CAPITULO VIII**

#### **Participación no financiamento do servizo das persoas usuarias**

##### **Artigo 19º.- Determinación da capacidade económica dos usuarios do servizo**

1. Financiamento. O servizo de axuda no fogar finanziarase con cargo aos orzamentos municipais, ás achegas procedentes doutras administracións e ás achegas dos usuarios.
2. Pagamento de cotas. As achegas correspondentes a cada usuario faranse dentro dos primeiros días naturais do mes seguinte á realización do servizo (segundo o establecido no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, recoméndase nos vinte primeiros días do mes seguinte). Para a aplicación das tarifas establecese o prezo por hora en 14,90 €., o cal será revisable anualmente segundo o IPC.
- 3a. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con derecho de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.
- 3b. Nos demais supostos, o Concello de Avión aplicará a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

| Capacidade económica (referida ao IPREM) ata | GRAO I | GRAO II | GRAO III |
|--|--------|---------|----------|
| 100 %  | 0,00 % | 0,00 %  | 0,00 %   |
| 115 %  | 4,52 % | 9,61 %  | 14,70 %  |
| 125 %  | 5,41 % | 11,50 % | 17,58 %  |
| 150 %  | 5,55 % | 11,79 % | 18,03 %  |
| 175 %  | 5,65 % | 12,00 % | 18,35 %  |
| 200 %  | 5,72 % | 12,16 % | 18,60 %  |
| 215 %  | 5,81 % | 12,34 % | 18,87 %  |
| 250 %  | 6,03 % | 12,82 % | 19,61 %  |
| 300 %  | 6,24 % | 13,26 % | 20,29 %  |
| 350 %  | 6,42 % | 13,63 % | 20,85 %  |
| 400 %  | 6,54 % | 13,90 % | 21,25 %  |
| 450 %  | 6,63 % | 14,09 % | 21,55 %  |
| 500 %  | 6,70 % | 14,25 % | 21,79 %  |
| < 500 %                                      | 6,75 % | 14,36 % | 21,97 %  |

- 3c. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu derecho de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais



## CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas do servizo.

**3d.** No caso de que a entidade local asuma tamén a prestación, ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, das atencíons e servizos complementarios do nivel básico do SAF, aplicaranllas a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado.

**3e.** No caso de que a entidade local asuma tamén a prestación, ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, das atencíons e servizos complementarios do nivel básico do SAF, para facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicaránllas a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

| % capacidade económica (referenciado ao IPTREM) ata | GRAO I  |        |        | GRAO II |        |        | GRAO III |        |        |
|---|---|--------|--------|---------|--------|--------|----------|--------|--------|
|   | AFPF  | AAS    | SPAT   | AFPF    | AAS    | SPAT   | AFPF     | AAS    | SPAT   |
| <=15  | <=28  |        |        | <=45    |        |        |          |        |        |
| 100 %   | 0,00%   | 12,87% | 13,76% | 0,00%   | 22,73% | 24,29% | 0,00%    | 35,51% | 37,95% |
| 115 %   | 5,98%   | 13,10% | 14,00% | 10,56%  | 23,12% | 24,71% | 16,50%   | 36,13% | 38,61% |
| 125 %   | 7,15%   | 13,39% | 14,31% | 12,63%  | 23,64% | 25,26% | 19,73%   | 36,94% | 39,47% |
| 150 %   | 7,34%   | 13,52% | 14,44% | 12,95%  | 23,87% | 25,50% | 20,24%   | 37,29% | 39,85% |
| 175 %   | 7,47%   | 13,61% | 14,54% | 13,18%  | 24,03% | 25,67% | 20,60%   | 37,54% | 40,12% |
| 200 %   | 7,57%   | 13,76% | 14,70% | 13,36%  | 24,29% | 25,96% | 20,87%   | 37,96% | 40,56% |
| 215 %   | 7,68%   | 13,83% | 14,78% | 13,56%  | 24,42% | 26,09% | 21,18%   | 38,16% | 40,77% |
| 250 %   | 7,98%   | 13,96% | 14,91% | 14,09%  | 24,64% | 26,33% | 22,01%   | 38,50% | 41,14% |
| 300 %   | 8,25%   | 14,06% | 15,02% | 14,57%  | 24,82% | 26,52% | 22,77%   | 38,78% | 41,44% |
| 350%  | 8,48%   | 14,16% | 15,13% | 14,98%  | 25,00% | 26,72% | 23,40%   | 39,07% | 41,74% |
| 400 %   | 8,65%   | 14,35% | 15,33% | 15,27%  | 25,33% | 27,06% | 23,85%   | 39,57% | 42,29% |
| < 400 %   | 8,77%   | 14,48% | 15,48% | 15,48%  | 25,57% | 27,32% | 24,19%   | 39,95% | 42,69% |
| AFPF-   | Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia                            |        |        |         |        |        |          |        |        |
| AAS-  | Actividades de acompañamiento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables |        |        |         |        |        |          |        |        |
| SPAT-   | Servizo de préstamo de axudas técnicas  |        |        |         |        |        |          |        |        |

**4.** Participación das persoas usuarias no financiamento de outros servizos sociais comunitarios nos que se aplique o copagamento.

**4a.** Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrencia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ao cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

| CAPACIDADE ECONÓMICA                              | Participación no custe do servizo de SAF básico |
|---|---|
| Menor de 0,80 IPREM .....                         | 0 %   |
| Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM ..... | 30 %  |
| Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM ..... | 50 %  |
| Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM ..... | 70 %  |
| Maior de 2,50 do IPREM .....                      | 90 %  |

- Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderán contemplarse excepcións aos criterios xerais nos casos nos que a problemática principal atendida sexa relativa á desestruturación familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente



## **CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P. 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

http://avion.sedelectronica.es

para acordar a concesión do servizo, da que deberá deixarse constancia no correspondente expediente.

- En calquera caso establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

### **Artigo 20º.- Criterios de valoración do nivel de autonomía persoal**

Baremo para determinar a asignación do servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrenza (modalidade de prestación básica de servizos sociais comunitarios).

| <b>Factor-1: Valoración da autonomía persoal</b>   |   |
|--|---|
| <b>1. Idade</b>  |   |
| 1 punto.....   | Menor de 65 anos  |
| 2 puntos.....  | Entre 65 e 70 anos  |
| 3 puntos.....  | Entre 71 e 75 anos  |
| 4 puntos.....  | Entre 76 e 80 anos  |
| 5 puntos.....  | Entre 81 e 85 anos  |
| 7 puntos.....  | Máis de 85 anos   |
| <b>2. Discapacidade</b>  |   |
| 1 punto.....   | Do 33 ao 64 %   |
| 2 puntos.....  | Do 65 ao 74 %   |
| 3 puntos.....  | Superior ao 75 %  |
| <b>3. Dependencia</b>  |   |
| 5 puntos.....  | Grao 1 e Nivel 1  |
| 10 puntos.....   | Grao 1 e Nivel 2  |
| 15 puntos.....   | Grao 2 e Nivel 1  |
| 20 puntos.....   | Grao 2 e Nivel 2  |
| 25 puntos.....   | Grao 3 e Nivel 1  |
| 30 puntos.....   | Grao 3 e Nivel 2  |
| <b>4. Integración social</b>   |   |
| 10 puntos.....   | Situación de illamento ou rexeitamento                                |
| 6 puntos.....  | Ausencia de relacións sociais   |
| 4 puntos.....  | Existen escasas relacións coas persoas do entorno                     |
| 0 puntos.....  | Integración axeitada  |
| <b>5. Saúde</b>  |   |
| - <b>Pessoas que presentan alguma dificultade e precisan axuda ou supervisión para as Actividades Básicas da Vida Diaria (ABVD):</b> |   |
| 1 punto.....   | Aliméntase só, sen axuda  |
| 1 punto.....   | Non recibe axuda no baño  |
| 1 punto.....   | Escolle a súa roupa e calzado e vístese sen axuda                     |
| 1 punto.....   | Manéxase só para o uso do retrete                                     |
| 1 punto.....   | Control total de esfínteres   |
| 1 punto.....   | Camiña só, con muletas ou bastóns                                     |
| 1 punto.....   | Déitase e érguese da cama só  |
| 1 punto.....   | Sobe e baixa escaleiras só  |
| - <b>Pessoas independentes con alguma limitación:</b>  |   |
| 2 puntos.....  | Aliméntase só, con axuda para a utilización de cubertos               |
| 2 puntos.....  | Precisa algo de axuda para realizar a súa hixiene persoal             |
| 2 puntos.....  | Escolle a roupa pero precisa axuda para poñer calzado ou poñer medias |
| 2 puntos.....  | Precisa axuda parcial ou supervisión para o uso do retrete            |
| 2 puntos.....  | Incontinencia ocasional ou temporal de esfínteres                     |
| 2 puntos.....  | Camiña con axuda parcial ou supervisión                               |
| 2 puntos.....  | Déitase e érguese con axuda   |
| 2 puntos.....  | Sobe e baixa escaleiras con axuda                                     |



# CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

| <b>- Pessoas con grandes dificultades que non poden realizar ABVD por si soas:</b> |  |
|--|--|
| 3 puntos.....  | Necesita ser alimentado                            |
| 3 puntos.....  | Non é capaz de asearse só                          |
| 3 puntos.....  | Precisa que o vistan e calcen                      |
| 3 puntos.....  | Incapaz de facer uso do retrete                    |
| 3 puntos.....  | Incontinencia total de esfínteres                  |
| 3 puntos.....  | Precisa axuda total para desprazarse e mobilizarse |

## **Factor-2: Apoio social (máximo total 20 puntos)**

|                |   |
|----------------|---|
| 20 puntos..... | A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio                          |
| 18 puntos..... | A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do entorno veciñal ou outras redes       |
| 12 puntos..... | A persoa convive con persoa sen capacidade para atendela  |
| 3 puntos.....  | Cunha persoa maior de 70 anos   |
| 3 puntos.....  | Cunha persoa con discapacidade ou dependencia   |
| 3 puntos.....  | Cunha persoa que carece de tempo  |
| 3 puntos.....  | Con incapacidade para organizarse   |
| 8 puntos.....  | Os familiares néganse a atendela áinda que teñan posibilidade                                   |
| 5 puntos.....  | Vive soa pero hai familiares con posibilidade de atendela no mesmo concello ou a menos de 20 km |
| 0 puntos.....  | Está ben atendida   |

## **Factor-3: Situación familiar/socialización menores (máximo total 20 puntos)**

### **3.1. Conflito (máximo total 4 puntos)**

|               |   |
|---------------|---|
| 1 punto.....  | Cun membro xerador de conflito de nivel moderado          |
| 2 puntos..... | Cun membro xerador de conflito de nivel grave             |
| 3 puntos..... | Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado |
| 4 puntos..... | Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave    |

### **3.2. Limitacións de rol (máximo total 2 puntos)**

|               |  |
|---------------|--|
| 2 puntos..... | Familias nas que ambos proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atención aos menores |
|---------------|--|

### **3.3. Monoparentalidade (máximo total 2 puntos)**

|               |   |
|---------------|---|
| 2 puntos..... | Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores |
|---------------|---|

### **3.4. Habilidades parentais (máximo total 2 puntos)**

|               |  |
|---------------|--|
| 2 puntos..... | Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administración do orzamento, ausencia de roles, organización...) |
|---------------|--|

### **3.5. Número de menores (máximo total 10 puntos)**

|                |                       |
|----------------|-----------------------|
| 3 puntos.....  | Un menor              |
| 5 puntos.....  | Dous menores          |
| 7 puntos.....  | Tres menores          |
| 10 puntos..... | Catro ou máis menores |

## **Factor-4: Outros aspectos sociais (máximo total 10 puntos)**

### **Vivenda**

|              |  |
|--------------|--|
| 1 punto..... | Non hai luz eléctrica                                    |
| 1 punto..... | Non hai auga corrente                                    |
| 1 punto..... | Non posúe WC   |
| 1 punto..... | Non posúe cuarto de baño completo                        |
| 1 punto..... | Non ten neveira  |
| 1 punto..... | Non ten quentador  |
| 1 punto..... | Non ten lavadora   |
| 1 punto..... | Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade   |
| 1 punto..... | Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda |
| 1 punto..... | Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda |



## **CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

### **Factor-5: Situación económica**

- A puntuación neste apartado obterase da seguinte maneira, a menor renda, maior puntuación; así, beneficiarase antes á persoa que teña ingresos precarios e careza de patrimonio ou só posúa a súa vivenda habitual exclusivamente. Para o suposto de que xurdan dúbidas en relación coa prestación do Servizo de Axuda no Fogar ou se dean situacións non contempladas entre as previsións contidas nos artigos precedentes, queda atribuída á Alcaldía a resolución de tales dúbidas ou situacións, previo Informe dos Técnicos dos Servizos Sociais municipais. Neste apartado a puntuación máxima será de 10 puntos e mínimo de 5 puntos, e corresponderá claramente cos ingresos totais obtidos pola unidade familiar e que está reflectida na Ordenanza Fiscal.

### **Artigo 21º.- Excepcións**

Sen prexuízo do establecido na presente ordenanza, poderán contemplarse excepcións aos criterios xerais nos casos nos que a problemática principal atendida sexa relativa á desestruturación familiar, á exclusión social e á pobreza infantil. Nestes casos será necesaria a tramitación do correspondente expediente no que deberá constar o informe favorable ao respecto dos Servizos Sociais Municipais e a aprobación de tal excepción por resolución motivada da Alcaldía.

### **Disposición adicional**

En todo o non previsto na presente ordenanza, estarase ao disposto na normativa ditada pola Xunta de Galicia referida ao presente servizo.